

## Celso Emilio Ferreiro e os poetas

Ana Acuña

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ACUÑA, ANA (2011 [2004]). “Celso Emilio Ferreiro e os poetas galegos”. *Xornadas sobre Celso Emilio Ferreiro*. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela, 61-84. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/86>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ACUÑA, ANA (2004). “Celso Emilio Ferreiro e os poetas galegos”. *Xornadas sobre Celso Emilio Ferreiro*. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela, 61-84.

\* Edición dispoñíbel desde o 4 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## CELSE EMILIO FERREIRO E OS POETAS

Ana Acuña

Universidade de Vigo

Quero ir a Lugo  
a traspasar as portas insomnes,  
unha a unha  
baixo os cataventos que espreitan a lúa  
e saben dos bosques sagros doutros tempos  
e dos humildes segredos das violedas.  
Falar das nosas cousas  
(C. E. Ferreiro: *Longa noite de pedra*)

A Fernando, *in memoriam*, que quixo ir a Lugo antes de morrer.

### Introdución<sup>1</sup>

Nestas páxinas pretendemos achegarnos á visión de Celso Emilio sobre os poetas galegos. Con ese fin apoiáremos na súa obra en prosa menos coñecida, é dicir, os prólogos e as recensións. Prosa ignorada pero que nos fornecerá unha ampla panorámica, non só da opinión de Celso Emilio sobre os autores, senón tamén da súa concepción da poesía e do valor dos poemarios comentados.

[62] Sabemos que “en los últimos cuatro años la poesía no fue una ocupación importante en la vida de Celso Emilio Ferreiro”<sup>2</sup>, e que dedicou moito do seu tempo<sup>3</sup> a ler e xulgar a literatura galega. Por este motivo resulta valiosa a recompilación e análise dos seus “escritos menores” xa que ofrecen unha imaxe máis certa do escritor de Celanova.

O estudo dos prólogos (para libros propios e alleos) e das recensións permite comprobar, por exemplo, a estreita relación que hai entre eses dous xéneros tan próximos en Celso Emilio ata o punto de converter un prólogo nunha recensión para o xornal madrileño *ABC*. Dado que os prólogos poden funcionar como recensións, nada nos impedirá aplicarlles ás recensións de Celso Emilio as liñas de análise utilizadas para os prólogos ou (pre)textos:

<sup>1</sup> Queremos deixar constancia do noso agradecemento a tódalas persoas que nos deron a súa visión de Celso Emilio en Galicia, en Madrid ou no exilio: Xesús Alonso Montero, Isaac Alonso Estravís, Vicente Araguas, Daniel Cortezón, “Foz”, Miguel Losada, Carme Novoa, Manuel Pereira, Olivia Rodríguez, Xosé Luís Sánchez Ferraces e Sabino Torres. Grazas tamén aos organizadores das Xornadas sobre Celso Emilio Ferreiro por permitírnos compartir a súa vida e obra, a Charo Iglesias pola paciencia e Chus Nogueira polo seu, xa noso, tempo.

<sup>2</sup> X. Alonso Montero: Celso Emilio Ferreiro (Estudio), Madrid, Júcar, 1982, p. 172.

<sup>3</sup> Repárese en que eses catro anos se corresponden coa etapa madrileña de Celso Emilio (1973-1979).

... sobre todo os prefacios, ao constituíren algúns deles verdadeiros ensaios autónomos (...) cobran vida en por si, e chegan a posuír un alto grao de autonomía e a se independizar do texto prologado. Non esquezamos que os prólogos son incluídos habitualmente como constituíntes privilexiados da nosa prosa non-ficcional. (...) Constitúen os prólogos, as notas editoriais, epílogos e mesmo dedicatorias, a primeira crítica existente sobre a produción de textos<sup>4</sup>

Non é o obxectivo desta colaboración pero sería interesante examinar, por unha parte, os diferentes nomes que Celso Emilio emprega para denominar os prólogos<sup>5</sup> e, por outra, a súa mestría á hora de experimentar con algunhas variedades dos (pre)textos. É así como atopamos prólogos en prosa ao carón de prólogos con forma de poema. Unha mostra de prólogo en verso é o “poema limiar” titulado “O estranxeiro” que Celso Emilio escribe para o libro creado polos nenos da escola “Rosalía de Castro” de Vigo<sup>6</sup>.

[63] Imos, sen máis preámbulos, afondar nos prólogos, nas recensións e nas conversas de Celso Emilio Ferreiro, pertencentes á súa estadía madrileña (1973-1979). O noso único propósito é expoñer e clasificar uns textos pouco abordados<sup>7</sup> para comprobar, deste xeito, a súa concepción dos poetas, a poesía e os poemarios interpretados.

## 1. Prólogos<sup>8</sup> escritos por Celso Emilio Ferreiro para libros doutros poetas

1.1. Celso Emilio redactou para *Cantigas en gallego traducidas al castellano* de G. Justo Cid<sup>9</sup> un “A modo de proemio” no que valora a poesía popular.

<sup>4</sup> G. Sanmartín: *Os (pre)textos galegos (1863-1936)*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002, pp. 13-14.

<sup>5</sup> *Os (pre)textos galegos (1863-1936)*, pp. 26-29.

<sup>6</sup> Se se compara co poema posterior e homónimo incluído en *Onde o mundo se chama Celanova* (1975) e dedicado aos mesmos nenos, compróbase que o poema inicial (datado por Celso Emilio en “Caracas, febreiro de 1973”) posuía cinco versos máis, á parte de leves variacións (acentos, número, artigo). Así é o comezo e maillo remate do “poema limiar” (Escola “Rosalía de Castro”: *Os nosos poemas*, Lugo, Celta, 1974):

Forasteiro en todas partes,  
quero acougar nunha terra (...)  
¿Onde está, que non atopo,  
esa patria tan ben feita?  
Eu vou polo mundo adiante  
camiñando detrás dela...

<sup>7</sup> Deixamos de lado prólogos breves do autor como o publicado na sexta edición de *Longa noite de pedra*, Vigo, Castrelos, 1975 (e redactado na época madrileña).

<sup>8</sup> Aínda que se inclúe na etapa venezolana de Celso Emilio, cómpre destacar o prólogo escrito para *Da estrela e da fouce* de F. Sesto Novás (1967). Nel enxálzase a figura do poeta emigrante e comprometido:

Dixo non sei quen, que as tres cousas mais fermosas do mundo eran unha nao coa velame encheita de vento; un cabalo agallopando por un bosque e unha muller, de corpo lanzal, espida diante o mar. pro hai unha cuarta, cousa mais fermosa aínda: un poeta mozo cantando na fala proletaria do seu lonxano pobo. Iste é o caso de Farruco Sesto Novás (...)

Coma tódolos emigrantes de caste, a Terra veu con él (...) Galicia enteira, Galicia nai (...) Palabras lumiosas as suas, pro tamén fortes e duras coma seixos. Como diría Curros; non están os tempos para moles rechouchos líricos, sinón para erguer a voz e dar testemuña inconformista. O mundo sanga e Galicia está no mundo. Os poetas son homes que están no mundo, mergullados até o pescozo. Galicia sofre ademais a afrenta de unha dictadura que xa cumpriu 30 anos. Non se trata de modas ou modos literarios. Trátase de feitos concretos (...) teñen que atinguir a sensibilidade do poeta, si o poeta non é un desnatado. As modas son produto da inventiva, da búsqueda da orixinalidade literaria. Pro, os feitos que tripan a nosa diñidade de homes i a libertá nacional do noso pobo, dannolos xa inventados (...) E témolos que sufrir (...) iste poeta, por enriba de todo, é un home. Nada menos que todo un home.

<sup>9</sup> G. Justo Cid: *Cantigas en gallego traducidas al castellano*, Ourense, La Región, 1977, p. 8.

Os versos de Xermán Cid Xusto están feitos mais que pra lér pra decir diante dunha audiencia pouco contaminada pola pedantería libresca, é dicir, praque os escoiten principalmente as xentes do noso rus dispostas a ouvirse a sí mesmas interpretadas dun xeito cabal que recolle cáseque todos os valores que informan o seu antigo, ser i' estar no mundo: ironía, escepticismo, humor e rexouba. (4)

Versos intuitivamente primitivos i-emporiso adoitados o tratamento dos temas que o autor asume e que non se conciben mais que a maneira arcaica e tradicional dos versificadores da literatura de cordel e dos romances anteriosos tirados da entrana popular polos xograres de camiños e pelegrinaxes. Porque así son moitas das cantigas meovales. (...)

Un trounfo anónimo e despersoalizado, certamente pro un trounfo glorioso o que non poderán aspirar moitos empenchados poetas académicos de hoxe: vir do pobo e voltar o pobo. Como si dixéramos: ser terra da terra. (8)

[64] Anos antes<sup>10</sup> Celso Emilio prologou, do mesmo autor, *Mis pobres versos*. Xa daquela disertaba sobre a poesía popular e sobre a proliferación dos poetas:

... varias y poderosas razones; la primera de las cuales es nuestra vieja amistad (...) La segunda es nuestra común tierra natal donde la poesía anda suelta y los poetas se producen, como algunas plantas silvestres, por generación espontánea, circunstancia ésta que, bien mirado, nos impone cierta solidaridad a los que, más o menos somos una consecuencia de la fecunda generación poética de nuestra comarca. (5)

Leyendo su libro parece que está uno bebiendo las cristalinas aguas de los cancioneros de todos los tiempos y lugares. Aquí hay sabores del “Cancionero gallego” de Ballesteros, mezclados con los “Cantos populares españoles” de Rodríguez Marín, “los cancioneros” de Lafuente, Alcántara y Fernán Caballero, y de la “Colección cantares flamencos” de D. Antonio Machado. (6)

Pero tamén Celso Emilio foi quen de ironizar e criticar, en clave literaria, a misoxinia de Cid Justo<sup>11</sup>.

¿Le ocurrirá a Vd. lo que Boccacio, que escribió bien de las mujeres, y después muy mal porque una le dio calabazas? Aquí hay gato encerrado.

Resumiendo, querido Cid Justo, poeta y paisano mío; su libro es fabuloso y complejo. Su misoginia también. No debe desmayar, pues estamos en guerra (...) Su poética aversión hacia las mujeres (...) tiene grandes ilustres precursores. (8)

1.2. Nas notas previas que anteceden á Obra poética completa de M. Curros Enríquez<sup>12</sup>, Celso Emilio reflexionaba sobre a poesía galega, a súa historia e os seus valores<sup>13</sup>:

[65] Es un error constantemente repetido la afirmación de que la poesía gallega se caracteriza por su lirismo, entendido como un fenómeno subjetivo, ajeno a la realidad objetiva que subsiste en el entorno del poeta. Según esta absurda teoría, los poetas gallegos son unos seres angélicos (16) que tañen su cítara como si su país fuese un territorio edénico y no un habitat hostigado constantemente por una historia que, desde hace siglos, sus habitantes no han escrito. Puestos a hacer una definición aproximada de los valores que caracterizan a la poesía gallega de todos los tiempos podríamos centrarla en estos tres aspectos: culto al paisaje, amor a la tierra, sentimiento

<sup>10</sup> G. Justo Cid: *Mis pobres versos*, Ourense, La Región, 1965, pp. 5-6.

<sup>11</sup> *Mis pobres versos*, p. 8.

<sup>12</sup> M. Curros Enríquez: *Obra poética completa*, Madrid, Editora Nacional, 1977, pp. 16-19.

<sup>13</sup> Compárense as opinións que se poden deducir desta cita coas expresadas nas recensións.

de la soledad (saudade) y denuncia social. Este último aspecto —el más común de todos— nada tiene que ver con los movimientos poéticos que en un momento determinado, puedan estar vigentes en los centros literarios que impone las modas poéticas. Cuando ahora se dice que ya no se lleva la llamada “poesía social”, esta paradójica afirmación no puede referirse en ningún caso a Galicia donde la poesía de denuncia social no es una “moda”, sino un “modo” constante de autenticidad, hijo de una realidad insoslayable, que ya se plantea en los albores de la lengua gallega instituida como instrumento literario.

En efecto, en los cancioneros galaico-portugueses del siglo XIII y XIV, la vertiente de las “cantigas de escarnio y maldecir” constituye en muchos aspectos una corriente protestataria en la que trasciende el sentimiento clasista de los explotados contra los poderosos, al revelarse en ellas las mezquindades de los señores, las necesidades de los hidalgos y la poca religiosidad de las dignidades eclesiásticas.

Desde el siglo XV, en que la lengua gallega deja de cultivarse como medio literario —no como instrumento de comunicación hablada— hasta el primer tercio del XIX, cuando, con el romanticismo, se inicia la revalorización de la lengua del pueblo como lengua literaria, los precursores, desconocen la tradición medieval, pero la intuyen en lo que respecta a su enfrentamiento con la sociedad que los oprime. Así, Juan Manuel Pintos: (17) Y así Añón, quien por sus “ideas sociales” sufrió el destierro, el hambre, la persecución y el olvido (...) Y la misma Rosalía de Castro, en cuyas *Follas novas* encontramos la rebeldía suscitada por la opresión y la injusticia, a cuyas víctimas se acerca el poeta en una actitud solidaria, deliberadamente asumida, que razona y justifica al decir que el poeta no debe prescindir del medio en que vive ni de la naturaleza que le rodea, ni ser ajeno a su tiempo (...) Se trata, nada menos, que de un compromiso con el pueblo (...)

Curros adopta una posición similar, pero asumida en términos más directos y radicales. Tiene una idea muy clara de la misión del poeta en la sociedad. Combate la injusticia y canta la libertad: grita e increpa. Desea despertar la conciencia del pueblo, adormilada en el infortunio y excitar su valor cívico. Quiere ser para Galicia lo que Tirteo fue para el pueblo espartano (18)

Curros representa, pues, no “una extraña flor de cardo en un campo de margaridas inocentes”, sino la continuidad de una tradición literaria secular, además de interpretar el sentimiento eminentemente crítico que subyace en la entraña más auténtica del pueblo gallego. Actitud que no sólo repitieron los coetáneos y epígonos de aquellos poetas del XIX, sino que se prolongó hasta nuestros días, aunque, naturalmente, con nuevos conceptos de la problemática y del lenguaje. Pero está clarísimo que la poesía actual mantiene en su mayoría los presupuestos de la anterior porque la realidad que le sirve de fondo, “mutatis mutandi”, contiene unos elementos de fijación que no difieren gran cosa de los que afectaron a los poetas precedentes, y por ello no se produce un divorcio acusado con la tradición, que se caracteriza por su identificación con la tierra natal y su destino en el mundo. (19)

1.3. E, nas “Verbas limiares”<sup>14</sup> de Celso Emilio para o poemario *Do Faro ó Miño* de X. L. García, reitérase a idea da poesía belixerante como un modo característico na poesía galega:

[66] ...o poeta mantén unha dobre fidelidade á Galicia natal, por unha banda usando a súa vella lingo e por outra servíndoa na súa temática tradicional de denuncia e testemuña que, como se sabe (aunque algúns semellan non sabelo) non é entre nós unha moda efímera vinda de fora, senón un modo característico, unha constante histórica no tratamento, e tamén no entendemento, do feito poético.

<sup>14</sup> X. L. García: *Do Faro ó Miño*, A Coruña, Edicións do Castro, 1978, pp. 7-8. O limiar proporcionaralle, traducido ao castelán, unha recensión publicada no xornal madrileño *ABC* no ano 1979.

... en Galicia a poesía de compromiso co home e o seu destino, é de feitura moi denantior ó agora detestado realismo socialista e por ende non responde as súas premisas, senon que é un antigo vencellamento solidario do artista coa terra marxinal (7)  
... hai tamén paisaxe e natureza, outra das constantes que decote informan á poesía galega de sempre (8)

1.4. O seu derradeiro prólogo debeu ser o “Pórtico” redactado para o libro de A. Navarro Guzmán *A la sombra de la ciudad enamorada*<sup>15</sup>. Celso Emilio gaba este poemario, en castelán, polo seu atractivo estritamente literario con citas de Salinas e Whitman. Entresacamos:

Agradezco cordialmente a Angeles Navarro Guzmán la ocurrencia de pedirme unas palabras previas para su delicioso libro. Sus poemas no necesitan en absoluto que nadie certifique sus altas cualidades líricas (...) Estamos ante un texto en el que confluyen todos los elementos de un libro de amor concebido en fórmulas muy sutiles del desvivir en el tiempo (...) El amor engendra soledad y ésta se transmuta en poesía (9)

Pero, ademais de prólogos para libros de poesía, Celso Emilio escribiu (pre)textos para ensaios. É o caso dos libros de O. Guerrero *Valle Inclán y el novecientos*<sup>16</sup> ou *Vivir en Galicia* de R. Ruíz Fuentes e J. Pérez Vilariño. Se no primeiro deles non se le nada referente a Galicia nin á súa cultura, no segundo<sup>17</sup> (en “algo así como un prólogo”) existen abundosas referencias á nosa historia:

¿No será un fatum insuperable de nuestra (14) gente? Desgraciadamente hay en nuestra historia repetidas muestras que podrían abonar esta sospecha. Tal es —y busco la más antigua que conozco— el fracaso de las dos guerras hirmandinas por las discrepancias de los líderes fusquenllos, que se olvidaron pronto del lema de la facción, que imponía la fraternidad y la unión por encima de todo. Recuerdo también la famosa frase de Payo Gómez de Barbeita y pienso si sus dudas sobre nuestra capacidad de entendernos se referían en realidad a una deficiencia histórica de la psicología gallega. Ello explicaría muchas de las desgracias que nos afectan y que generalmente atribuimos a los “otros”, rehuendo la propia responsabilidad en el asunto. Y en este supuesto, la emigración, por ejemplo, sería, por encima de otras contingencias causales, la consecuencia de una falta de aptitud para afrontar colectivamente, y de mancomún, los problemas de la tierra. (15)

## [67] 2. Prólogos de Celso Emilio Ferreiro aos seus propios libros

2. 1. Unha das prosas máis apreciadas de Celso Emilio é a biografía sobre Curros Enríquez da que realizou varias edicións. Se comparamos as diferenzas entre a primeira impresión (1954) e a segunda (1973), decatámonos da evolución na escrita de Celso Emilio. No ano 1954 Celso Emilio redactou *Curros Enríquez. Biografía*<sup>18</sup>. O libro constaba de dous (pre) textos: unha “nota preliminar”<sup>19</sup> de Celso Emilio e unha introdución (“Curros, poeta”) a cargo de A. Iglesia Alvares.

<sup>15</sup> A. Navarro Guzmán: *A la sombra de la ciudad enamorada*, Madrid, Ayuso, 1979, p. 9.

<sup>16</sup> O. Guerrero: *Valle Inclán y el novecientos*, Madrid, Magisterio Español, 1977.

<sup>17</sup> R. Ruíz Fuentes e J. Pérez Vilariño: *Vivir en Galicia*, Madrid, Felmar, 1977, pp. 14-15.

<sup>18</sup> C. E. Ferreiro: *Curros Enríquez. Biografía*, A Coruña, Moret, 1954.

<sup>19</sup> Celso Emilio limitase a comentar a metodoloxía empregada para redactar a biografía e remata cos agradecementos:

Posteriormente, en 1973, Celso Emilio reeditaba a biografía<sup>20</sup> con pequenos pero substanciais cambios nos (pre)textos. Agora o libro titúlase *Curros Enríquez* e conta cunha “nota previa” e cunhas “palabras necesarias” do mesmo Celso Emilio. Estas “palabras necesarias” funcionan como introdución e nelas expresa a concepción que os dous escritores de Celanova teñen dos poetas e da poesía galega.

La repetida afirmación de que el lirismo químicamente puro es la nota común que define las características esenciales de la poesía gallega, constituye un solemne infundio (...) que pretende desdibujar el rostro de nuestra poesía para desvirtuar al mismo tiempo la realidad, a veces trágica de su contexto (...) una gran parte (...) de la poesía gallega nace en el campo del cuestionamiento testimonial, y no participa en absoluto de las delicuescencias líricas, entendidas como preocupaciones ajenas al mundo de lo social conflictivo (...)

[68] ... la tesis del lirismo como categoría definitoria y única de nuestra poesía, significa sencillamente, una frívola acusación de indiferentismo contra unos pocos poetas que se supone fueron capaces de tañer la cítara, ajenos y neutrales ante las tribulaciones de su pueblo (253)

La poesía no es un producto estático, algo igual a si mismo, cuyo ser está en su propio ser, y que el poeta trata de revelar como si fuese un medium de lo abstracto, sino que es un producto del hombre, que se conforma y se transforma con arreglo a un aquí y un ahora determinantes. ¿Y existe acaso algo más determinante que el hecho político-social, entendido por el ser y el estar del hombre sobre el mundo? Curros elaboró la poesía que su espíritu y su tiempo le exigieron con perentoria demanda. (259)

... hecho indiscutible de que la beligerancia y la pugnacidad brotan ya —nada más formarse la lengua literaria— en los cancioneros galaico-portugueses, nuestro más antiguo e importante monumento poético; y siglos más tarde en Rosalía de Castro, la más alta expresión poética que ha dado Galicia en todos los tiempos.

En efecto, las cantigas de escarnio y maldecir, la verdad más original de los cancioneros medievales, representan ya, en el siglo XIV, una corriente protestataria en la que trasciende el sentimiento clasista de los explotados contra los poderosos (...) Y en Rosalía encontramos los impulsos de la rebeldía suscitada por situaciones opresivas e injustas, a cuyas víctimas se acercó el poeta (...) en una actitud solidaria (...) al decir que el poeta no debe prescindir del medio en que vive y de la naturaleza que le rodea, ni ser ajeno a su tiempo (254)

... la actitud cuestionadora y civil de Curros representa la continuidad de algo que tiene preclaros antecedentes y constituye una tradición literaria secular, además de interpretar el sentimiento eminentemente crítico que subyace en la entraña más auténtica del pueblo gallego, quien, no todo él, vivió sumergida en la mansedumbre doméstica.

---

El autor de este libro pretendió hacer una biografía, es decir, una obra parcial. Para llevar a cabo su tarea manejó cientos de datos, revolvió documentos y cartas, husmeó libros y periódicos, y después procuró olvidar lo accesorio (...) todos esos materiales de escombrera que tanto regodeo producen en el alma de los burócratas de la investigación y de los arqueólogos sin capacidad creadora, y que, en realidad, no son más que ladrillos viejos al alcance de cualquier mano pacienzuda que quiera buscarlos.

El autor cree honestamente que la única forma de ser objetivo al escribir una biografía, es enfrentándose con el alma del biografiado, cara a cara, para interpretarla, y no escamoteando al personaje bajo una totalidad minuciosa de censo o estadística. Porque una biografía es siempre una invención, un descubrimiento en el que, en cierta manera, el biógrafo crea su biografiado y éste tiene tanto de aquél cuanto se lo permite la rigurosidad y sometimiento a ciertos cauces inevitables (5)

Apenas sabemos unos de otros. Nuestros propios coetáneos nos son casi desconocidos (...) ¡Cuánto más si se trata de un hombre singular, muerto hace ya muchos años y al que conocemos a través de referencias! (*Curros Enríquez. Biografía*, p. 6).

<sup>20</sup> C. E. Ferreiro: *Obra Completa*, 3, Madrid, Akal, 1981, pp. 225, 253-254, 259, 281-182.

La historia de la rebeldía gallega tiene una constante indeclinable y se remonta a las guerras campesinas contra el poder feudal, iniciadas en 1431 (...). Esta rebeldía está presente (...) en las obras de Sarmiento, Feijoo, Cornide, Cernadas, Neira de Mosquera, Faraldo, Vicetto, Murguía y Brañas, por no citar más (225)

Curros adopta una posición similar, pero la expresa en términos más directos y radicales (...) Tiene una idea muy clara de la misión del poeta en la sociedad (...) Rosalía es un temblor. Curros un grito y una increpación. (254)

Curros es integralmente hijo de su época como lo fueron los grandes poetas de todos los tiempos. Cree en la libertad y en el progreso porque éstas eran las creencias salvadoras de entonces. (281) Es una actitud profundamente cristiana de amor al prójimo, o dicho de otra forma, de solidaridad con los que sufren la historia que otros escriben.

Esta preocupación no sólo no lastra, sino que nutre de esenciales fundamentos humanos su mundo poético, que así se convierte en un paradigma de autenticidad. Una autenticidad incuestionable, porque él mismo es una sufriente víctima de esa historia. (282)

[69] 2.2. En 1977 Celso Emilio escribiu “Así como un prólogo” para unha *Antología*<sup>21</sup> propia en castelán. Este (pre)texto traduce parágrafos da autopoética escrita un ano antes (1976) para a revista *Nordés*:

No obstante, he de confesar que hubo un tiempo en el que tuve una poética con la que pretendía definir la presencia de ese arder en el fervor, que llamamos poesía. Y divulgaba mi teoría (...) Fue un pecado de juventud del que no estoy arrepentido (...) Hoy, además recelo de estos asuntos porque los años (...) me han llevado hasta las fronteras del escepticismo moderado y desconfío de las frases que pretenden ser inapelables. (...) sé muy poco de las esencialidades poéticas y de los cielos abstractos de lo lírico. Prefiero reconocer que un poeta puede serlo ignorando (10) esta cuestión (11)

... esta lengua está marginada, y desde este hecho evidente y doloroso mi poesía pretende contribuir al mantenimiento y supervivencia de la cultura gallega. Soy fiel a mi tierra y a su gente. Hago una poesía con carnet de identidad. Estimo que mientras los poetas –algunos poetas– se empeñen en ser apátridas, ciudadanos del mundo de nadie, para escribir en una especie de álgebra recreativa o de acertijo verbal, su poesía no servirá para uso de la inmensa mayoría que, en definitiva, es para mí la destinataria del mensaje poético.

Suele decirse que la nota peculiar de la poesía gallega es el lirismo. Ello pudiera ser cierto, pero depende de lo que se entienda por lirismo, palabra por demás vaga y muy equívoca (...) Una gran parte –y no por cierto la menos valiosa– de la poesía gallega de todos los tiempos nace en el campo del cuestionamiento social. Y bien mirado, no podía ser de otra manera. Galicia, a lo largo de su historia, no ha sido más que un hábitat hostigado por la injusticia y el abandono, circunstancia que en muchos aspectos se prolonga hasta nuestros días y, consecuentemente, se refleja en su literatura (11) Son, pues, muy escasos los poetas frívolos que en Galicia tañen la cítara, indiferentes ante los avatares de su pueblo. Yo, por supuesto, no pertenezco a esta mínima tribu de liróforos celestes. La poesía que cultivo es aquella que de alguna manera alude al conflicto entre el hombre y la sociedad que lo comprime. Una poesía planteada con beligerancia y que tiene raíces muy viejas y profundas en nuestras letras. Una antropoética (...) por entender que la poesía es un acontecimiento de la naturaleza del hombre (...) Esta antropoética es en Galicia un modo, que no una moda. Una tradición. En otros lugares de la plural poesía española este modo ya no está *à la page* (...)

La atmósfera es la misma y por consiguiente no se configura un divorcio acusado entre el movimiento actual y la tradición que, como he insinuado anteriormente, se

<sup>21</sup> C. E. Ferreiro: *Antología*, Barcelona, Plaza y Janés, 1977, pp. 10-13.

significa por su identificación visceral con la tierra, sus problemas y su destino. De todo esto se infiere que la poesía gallega de hoy como la de ayer no puede ser juzgada fuera de su contexto, comparándola con la de otras lenguas (12) hispánicas. Como dice María Victoria Moreno, si la literatura gallega medieval presentaba una fisonomía peculiar frente al resto de las literaturas europeas, esto mismo acontece cuando, al despertar de su silencio en el XIX, lo hace entroncando con su temática ancestral: culto al paisaje, amor a la tierra y denuncia social. Esto es lo que, *mutatis mutandis*, se vio en la Edad Media, se vio en el Romanticismo y se ve en la obra de los poetas actuales, entre los que me incluyo. (13)

**[70]** Noticias, en libros, sobre a autopoética de Celso Emilio témolas dende os anos 1935, 1955 ou 1972. O seu cotexo<sup>22</sup> ofrécenos información semellante á que estamos re-produciendo nestas páxinas.

<sup>22</sup> Lémbrese que desde 1935 contamos coas súas reflexións sobre a poesía, con todo a antropeútica máis completa aparece publicada no ano 1955 e en 1972. Da primeira (1935), enviada a X. Filgueira Valverde (“O primeiro Celso Emilio” en *Segundo Adral*, A Coruña, Edicións do Castro, 1981, p. 136) son estas palabras: “O poeta non sabe falar da súa poesía. É inútil pretender definila (...) A poesía non é aritmética. Eis todo o que podo dicir”. Na segunda, publicada por F. Fernández del Riego (*Escolma da Poesía galega*, Vigo, Galaxia, 1955, pp. 269-270) adiantaba algunhas das ideas que xa coñecemos:

...a Poesía é indefinible (...) Considero grotesca a clasificación da Poesía en ismos (...)

A Poesía está, coma Deus, en todo tempo. Agora ben, como o poeta –queira que non– vive no seu tempo, o quid divinum do seu oficio consiste en saber interpretalo e ser o seu voceiro. Pero poñendo un esmerado empeño en diferenciar o gran da palla; é dicir, non confundindo a moda dun tempo co modo do seu tempo. As modas pasan; o modo, a Poesía, queda.

Polo que se refire ós poetas galegos, si queren ser fideles a si mesmos e á terra, teñen que fuxir da arqueoloxía estéril e do ruralismo pedáneo. Teñen que retorcerlle o pescozo ó reiseñol do lirismo lacrimóxico, saudoso, vello estilo. En troques, teñen que mergullarse con desesperado esforzo no mundo social da nosa terra; nos problemas vivos do noso tempo; nas angurias das nosas xentes. Pero con ollos recén abertos, con palabras de hoxe, con fórmulas novas en canto ó enfoque cordial e á perspetiva psicolóxica.

Da última (Autoescolha poética, Porto, Razão actual, 1972, pp. 28-31), destacamos:

Sei pouco da minha canción, pro, en troques, sei abondo das motivacións que me moven a cantar. Preocúpame o oficio de home i o seu destino colectivo, e de ahí que a minha poesía senha eminentemente “engagée”, contestataria, ou, como eu prefiro, belixerante, disposta nunha actitude de raigames moi profundas (...) Sempre, i en toda época, houbo poetas que dixeron: non desairo cantar á rosa i ao amor, pro denantes quero ocuparme dos meus irmaus, os homes.

A poesía belixerante, na que tan a gusto milito, ten un “eiqui” i un “agora” (...) E por ser belixerante é inconformista, tradúcese en protesta, érguese contra da inxusticia e incluso faise revolucionaria porque pretende conquistar a transformación dunha sociedade coa que está en íntima controversia (...)

A poesía belixerante non é un produto intelectual na medida que o poeta se limita a ser fedatario da súa estancia no mundo, percibíndoa na transparencia dunha imaxe que lle é dada pra que a investigue e a relate a traveso da súa óptica, pro coa voz da conciencia do seu tempo posta en pe (29)

Nós, os galegos (...) temos que sobrelevar enriba do noso lombo o resultado trunfalista dunha guerra civil (...) temos que soportar unha minoría de idade permanente, unha pobreza de andacio, no desprecio sistemático i unha emigración masiva que desanga a nosa terra.

Temos que agoantar unha cultura, i unha lingua impostas, i o abandono xenocida da nosa personalidade nacional. Qué se diría de nós, manhán, si a testimunya destas evidencias non aparecese nos nosos poemas?

Hoxe, máis que nunca e por razóns obvias, o poeta ten que ser denantes que nada un home. (...) Hoxe, a poesía é algo somente cando se proclama un instrumento pra erguer ao home e liberalo. O estado poético acádase cando se fai da poesía un meio non un fin. Un medio pra poder vivir como homes libres. (...)

Estou contra os poetas que tocan a cítara no solpor, indiferentes á noite que se avencinha. Tenho un concepto da esencialidade poética, que desbota todo aquilo que non se afirma nunha dimensión humán referida ao home concreto, esmacelado na loita por sobrevivir e por acadar a liberdade (31)

### [71] 3. Artigos e recensións

3.1. Celso Emilio chegou a ser un articulista de sona antes da súa actividade en Madrid. Pero a nós correspóndenos comezar co seu artigo “A poesía é verdade” aparecido no número titulado “Os poetas falan encol da súa obra” da revista *Nordés*<sup>23</sup>. Estamos diante dunha nova autopoética ou, como recoñecía o autor, dunha *antropoética*<sup>24</sup>:

Houbo un tempo no que eu tiven unha poética (...) E divulgaba o meu teorema con teimoso apaxoamento coma si de un artigo de fe se tratase. Aquelo era o non plus ultra (...)

Confeso humildosamente non saber qué cousa é a poesía (...) En troques sei unha migalla respecto a aquilo que non é poesía. Decimos que a poesía está en todas partes, pro non hai que trabucar iste dito coa paremia de creer que todo o monte e ourego. (...) Tampouco se colleita na obra dises poetas que pra esconder o dobre fondo do seu baúl metafísico, tinguen de irracionalismo o que non é outra cousa que (...) medo a seren homes de humanidá e de humanismo (...) Sei tamén que a poesía non está nos versos dos poetas partenoxénicos da rama dos “intelixentuales” (4)

Din algunhos literatos que como a antropoética xa non está de moda, son poucos os que a defenden. Pocos, pro teñen a razón, e por eso precisamente, porque a teñen, son xa moitos. (...) ¿Ou acaso non son poesía as verdades ditas por cáseque todos os poetas do XIX (Xoan Manuel Pintos, Rosalía, Curros, Lamas Carvajal, etc.), e pola maioría do noso século (Cabanillas, López Abente, Taibo, etc.), até os nosos días? ¿Non é denuncia social e a belixerancia unha constante na nosa poesía? ¿Por qué lle chaman “moda” o que é tradición? Poesía lírica, ¿que é a poesía lírica? ¿Quen decrama hoxe os poemas acompañado polo son dunha lira? Non embargantes, cunha eimosidá aburrida dícenos que a poesía galega é fundamentalmente líri-[72]ca, dando con elo a probe imaxen dun povo primitivo (...) Nalgunhos sectores do noso pequeno mundo das letras, hai a mesma mezquindá, a mesma miopía, os mesmos persoalismos e a mesma mala concencia que no século pasado houbo en grupúsculos semellantes (...)

...a miña poesía intenta contribuír á supervivencia da nosa etnia e da súa concencia particularista. Ten, pois, unha función desalleante.

Penso que o fenómeno poético non é estático, nin é unha cousa semellante a si mesma, que está ahí pra sempre, sinon que é algo proteico que se conforma con arreglo a un “eiquí” e un “agora” determinantes. (...) O poeta vive na sociedade. (...) O estrano é precisamente o contrario. A controversia do home coa sociedade que o contén e comprime, sempre foi un tema poético, pro, na actualidá, é o mais lexítimo dos temas.

<sup>23</sup> C. E. Ferreiro: “A poesía é verdade” en *Nordés*, 1976, pp. 4-6.

<sup>24</sup> Compárese co escrito por Celso Emilio no xornal de Bos Aires *Correo de Galicia* (15-8-1969, p. 7):

...díceme, entre outras cousas, que a poesía “comprometida” que eu cultivo xa non ten apenas vixencia no intre actual, e que debo buscar outros vieiros pras miñas inquedanzas poéticas (...)

Quero contestarlle publicamente (...) pra decirlle que está totalmente trabucado na súa apreciación. O fenómeno poético ten unha natureza tan sutil que non pode ser analizada superficialmente dende o ángulo da moda (...) O poeta non soio pode compricarse, sinon que debe compricarse nunha esperencia human, incurso de orden político. (...) Digo máis: un poeta que teña unha concencia crara do mundo en que vive, non pode desentenderse do fenómeno político (...)

As modas poéticas están ben pra os poetas miméticos sin persoalidade, que poetizan sin convicción, insinciramente, sin creer no home, nin no seu destiño de liberdade e diñidade (...) Son os poetas de rechouchíos egocéntricos, que nos falan de Merlín pra que non pensem na dictadura que ensombriza ao noso país, dende fai trinta anos. (...) Trinta anos sin liberdade, dempois dunha guerra incivil que custou milleiros de mortos e cuías consecuencias aínda estamos sufrindo. Un povo que emigra en masa pra poder subsistir: eis a realidade do noso tempo. ¿Qué se diría de nós, si esa realidade non aparecese nos nosos poemas?(7)

Este artigo, ademais, pode confrontarse co contido das “Verbas limiares” para a súa antoloxía en portugués *Autoescolha poética* (1972).

(...) Creo que a literatura nunca deixou de ser un instrumento ó servizo de algúen. Incruso a literatura escapista ten un papel importante nesta escea. Non esquezamos que espallar o neutralismo e unha forma de actividade político-social en negativo, pra que o home se desentenda do destino do home, cousa que lle convén a moita xente (...). Pretendo que a miña poesía esté perfectamente identificada e que se sepa onde está feita. Esta identidade, por suposto, non se atingue só co uso da lingua propia. Fan falla mais aportacións e ingredientes inconfundíbeles. Na falla de identidade de moita da poesía actual radica o desaire do pobo cara ela. (5)

Para acadar a atención do pobo (...) a poesía ten que mostrar onde está feita, recuperar a súa marca de orixe, falar dende él e programarse o seu intérprete. Porque o pobo non se recoñecerá a si mesmo nunha poesía que despreza a realidade contínxente do seu entorno. (6)

### 3.2. Celso Emilio e as recensións dos poetas galegos no *ABC*<sup>25</sup>.

Celso Emilio, desde Madrid, vive e recensiona a literatura galega como crítico no *ABC* tódolos xoves dende 1977 ata a súa morte en 1979.

Foron 92 recensións (88 libros e 2 revistas)<sup>26</sup> que podemos clasificar polo seu contido: prosa non-ficcional (41 libros comentados), narrativa (18 obras), poesía<sup>27</sup> (19 poemarios), tradución (4 textos), teatro (3 pezas) e varia<sup>28</sup> (3 libros).

[73] Como se pode observar, destaca o tratamento da prosa por enriba dos restantes xéneros, ocupando a poesía o segundo lugar. Pero, aínda así, consideramos importantes as opinións que Celso Emilio manifesta nas súas recensións sobre a lírica, en primeiro lugar pola relevancia e popularidade do escritor naquela época e, en segundo, polo tempo en que foron feitas, en plena transición e con Galicia en auténtica efervescencia literaria e política.

Nas recensións de Celso Emilio constátanse moitos dos trazos da literatura galega a partir de 1975:

— A eclosión da poesía e a aparición de asociacións ou colectivos (Alén, Cravo Fondo, Rompente, etc.) de vida máis ou menos efémera pero de grande intensidade coas seguintes publicacións conxuntas.

— A coexistencia de diferentes xeracións poéticas: dende escritores activos antes da guerra (Lorenzo Varela, X. M<sup>a</sup>. Álvarez Blázquez, etc.), escritores da Promoción De Enlace (T. Barros, etc.) ou os poetas de 1976-1980 (V. Vaqueiro, A. Pexegueiro, X. L. Valcárcel, Mato Fondo, X. Seoane, F. Salinas Portugal, X. L. García, V. Araguas, etc.). Entre todos eles sobresaen os poetas novos<sup>29</sup>.

<sup>25</sup> Estas recensións de Celso Emilio foron transcritas e analizadas por A. Acuña e M. Pereira nun estudo titulado “Escrito en Gallego. As recensións de Celso Emilio Ferreiro no ABC” (inédito). É interesante a comparación con críticas previas como a publicada no número 2 da revista *Grial* (1963, pp. 213-215).

<sup>26</sup> Celso Emilio repite a crítica dun mesmo libro (*Alén*) e dunha mesma revista (*Encrucillada*).

<sup>27</sup> Os dezanove poemarios recensionados e os seus autores son, por orde de publicación: *Panxoliñas* de C. Torre Enciso e M. Feijoo Sousa; *Canle segredo* de J. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez; *Antífona da redención* de X. Rodríguez Barrio; *Pote de pedra* de Paco Rodesca; *Escolma ferida* de M. Lueiro Rey; *Mar e naufraxio* de A. Pexegueiro; *Paisaxe de Glasgow* de V. Araguas; *Alén* de M. A. Mato, X. R. Pena, F. Salinas Portugal; *Abraio* de T. Barros; *Brasil* de X. M<sup>a</sup> García Rodríguez; *Silencios e conversas de inverno* de C. Sánchez Iglesias; *Do Faro ó Miño* de X. L. García; *Firgoas* de M. L. Acuña; *Víspera do día* de X. L. Valcárcel; *Cen chaves de sombra* de V. Paz Andrade; *Poemas en gallego* de A. Rey Soto; *A caluga do paxaro* de X. Seoane; *Lideiras ante a paisaxe* de V. Vaqueiro e *Poesía* de L. Varela.

<sup>28</sup> Trátase da recensión das obras completas de Rosalía de Castro, de Ramón Cabanillas e da homenaxe que se lle tributa a Lorenzo Varela.

<sup>29</sup> Como mostra do grande abano de autores recensionados, Celso Emilio ocúpase de autores que viron a luz no século XIX como A. Rei Soto, V. Paz Andrade, pasando por aqueles nados a principios do XX, como é o caso de J. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, M. L. Acuña, X. M<sup>a</sup> Rodríguez, M. Lueiro Rey, C. Torre Enciso, L. Varela ou T. Barros. Pero sobresaen os autores nados entre 1940-1960: X. Rodríguez Barrio, A. Pexegueiro, V. Araguas, M. A. Mato, X. R. Pena, F. Salinas Portugal, C. Sánchez Iglesias, X. L. García, X. L. Valcárcel, X. Seoane ou V. Vaqueiro.

A análise destas recensións, que nós relacionamos cos prólogos ou (pre) textos, é relevante xa que:

Nada hai tan sutil e tan eficaz como os paratextos en xeral e os prólogos en particular para canonizar (ou secundarizar), certos escritores, para polemizar sobre cuestións lingüísticas e literarias, para que o autor explique as motivacións da súa publicación, para se encadrar nun determinado grupo e corrente e expor as súas preferencias literarias. En moitos dos prólogos dos libros publicados (...) aparecen outros/as autores/as que son tomados como referentes, como guieiros da nova literatura que se estaba a facer. (10)

Mais, alén da importancia destes elementos dende a estética da recepción, está o interese especial que estes presentan para contextos de literaturas non normalizadas, situación en que todo no proceso da escritura vai estar determinado polo posicionamento ideolóxico dos autores e será necesario xustificar calquera paso, escolla ou decisións. A estrañeza do compromiso cunha literatura minoritaria provocará non poucas reflexións sobre o papel do/a escritor/a. (11)

¿Cal é a orientación que debe ter tanto a lingua como a literatura galegas? ¿Que modelos literarios se presentan como clásicos? Moitas destas respostas estarán, non só, mais si nunha boa parte, nos prólogos destas obras.” (15)

[74] ... nunha literatura non normalizada, cunha pequena produción e grandes dificultades editoriais, calquera espazo é susceptible de ser aproveitado para divulgar a ideoloxía, e mentres o ensaio non acada un certo grao de desenvolvemento (...) van ser os prólogos os utilizados para faceren chegar as mensaxes á sociedade<sup>30</sup>(33)

Nos epígrafes seguintes recolleremos a visión da poesía galega, dos autores e das obras que comenta Celso Emilio. Moitas desas opinións expresadas no *ABC* podemos confrontalas ou poñelas en paralelo con aquelas ideas expostas nos seus libros, nos seus prólogos ou nos seus artigos.

### 3.2.1. Sobre a poesía galega.

Celso Emilio vai elaborar nas súas recensións unha historiografía da literatura galega (épocas, autores, etc.).

Sin remontarnos a la poesía medieval y a sus canciones, en las que la presencia galaica era mayoritaria, podemos acercarnos al llamado rexurdimento del XIX, cuando a la sombra benéfica del romanticismo surgen Rosalía, Pondal y Curros con todos sus epígonos, para continuar con Cabanillas, Manuel Antonio y Amado Carballo, con los suyos, y llegar hasta nuestro tiempo con Iglesia Albariño, Uxío Novoneira, Manuel María, etc. En todo este largo período hubo, como ocurre en todas las literaturas del mundo, épocas de descenso cualitativo, paréntesis, generalmente cortos, en los que la voz de Galicia no daba el tono exigido por su rica tradición lírica.

Uno de esos períodos de decadencia puede situarse en el tiempo que siguió a los que podemos considerar poetas de la posguerra, cuando una amplia nómina de ellos aparecieron en el panorama literario sin apenas relieve o, en algunos casos, con un relieve que sólo permitía calificarlos de “joven promesa”. Testimonio de esta afirmación la tenemos en la antología preparada por M<sup>a</sup> V<sup>a</sup> Moreno, “Los novísimos” —eco servil de la de Castellet en el ámbito de la lengua castellana—, de la cual podrían salvarse tres o cuatro nombres.

Uno de esos nombres es el de Xavier Rodríguez Barrio (16-2-1978, *Antífona da rendición*).

<sup>30</sup> Os (pre)textos galegos (1863-1936), pp. 10, 11, 15, 33.

El tiempo y la evolución de la poesía gallega desde el rexurdimento en el XIX hasta nuestros días ha tenido una andadura propia que no puede parangonarse con la de las otras poesías peninsulares aunque a veces existan concomitancias, e incluso coincidencias, que han de atribuirse, sobre todo, a lo que de común tiene cada época para los que la viven coetáneamente. Así, por ejemplo, el hecho de que en Galicia haya habido una especie de generación “del 27” en la que podrían incluirse, entre otros, a Manuel Antonio, Amado Carballo, Pimentel y Francisco Fientosa, ello no quiere decir que la obra de estos poetas tenga una vinculación directa con la de los poetas del 27 en lengua castellana. (31-8-1978, *Silencios e conversas de inverno*).

Desa historiografía dedúcese o elevado número de poetas que deu Galicia (fronte ás outras nacionalidades e fronte á afirmación de Lope de Vega).

Si en Galicia surgieran hombres políticos y personajes públicos en la misma cantidad (y cualidad) (...) que surgen poetas y artistas, podría afirmarse que el brillante porvenir histórico del [75] país estaría asegurado para siempre. (...) época de buenos poetas, señal de malos políticos. Y viceversa (...)

Pero, en cambio, no habría dedos suficientes para contar los estupendos poetas que han dado fe de vida en estos años. En su nómina había que incluir, indudablemente [a Xavier Seoane] (16-8-1979, *A caluga do paxaro*).

Este pequeño “colectivo” de jóvenes poetas que patronean la singladura de «Alén» viene a confirmar una vez más, que Galicia –contradiciendo la frase atribuida a Lope sobre la supuesta esterilidad poética de los gallegos– es una tierra donde los poetas proliferan abundantes y por generación espontánea, año tras año en su incesante relevo de promociones líricas. Galicia, país de los mil ríos, puede también llamarse de los mil poetas. Y todo contribuye a que así sea. La belleza misteriosa de sus paisajes; el oscuro signo de un pueblo viejo, que sufre la historia sin protagonizarla; la cultura de la sangre, soterrada, pero viva todavía, y su lengua, rica, flexible, apta como ninguna para la expresión creacional (lengua en la que, según Curros (...)) son elementos de fijación para un modo de poetizar genuino. (13-7-1978, *Alén*).

E tamén se deducen as constantes da poesía galega e os seus modos: compromiso ou denuncia social, culto á Natureza e preocupación polo destino do home:

... cada autor –los tres, por su juventud, todavía en plena formación– nos da una pequeña muestra de su obra que (...) nos permite identificar el nervio de una personalidad lírica muy acusada, inserta –cada una a su aire– en la más genuina tradición poética gallega: comunión con la Naturaleza, testimonio culto de la tierra y destino del hombre que la habita (21-9-1978, *Alén*).

Aquellos que no conocen –o conocen mal– las constantes más acusadas de la poesía gallega desde el romanticismo hasta nuestros días, acaso se sorprendan de la terca persistencia del “compromiso”, en unos momentos en que la mal llamada poesía social ha pasado de moda en otros ámbitos literarios donde el atelier de la frivolidad impone sus modelos intelectuales de especulación metafísica, que nada tiene que ver con la poesía en situ, entrañada en la tierra y en la lengua que la produce. Porque en Galicia tal poesía no fue nunca una moda, sino un modo profundo de entender el ser y el estar en la vida, y de responder al hostigamiento de la historia implacable y de la incultura provocada (15-6-1978, *Mar e naufraxio*).

Porque Araguas sabe que aunque hoy no está de moda en ciertos círculos literarios la mal llamada poesía social, el poeta gallego está hoy más obligado que nunca (por

tradición y por necesidad) a justificarse como ser social y a entender que la cultura, y por ende la poesía, no debe ser otra cosa que una fuente de conocimiento al servicio de la liberación del hombre. (...)

Este es un libro en el que ciertamente no hay lugar para el indiferentismo de la poesía esteticista, de los cielos abstractos novísimos, donde la conciencia ética desaparece y es repudiada la preocupación por el destino del hombre. Esta conciencia y esta preocupación están vivas en su poética. (19-6-1978, *Paisaxe de Glasgow*).

Entre estes modos e modas o poeta ten que ser fiel á terra (a través da lingua e da temática) e, polo tanto, a súa antropoloxía ten que ser unha simbose entre o poeta cívico e o lírico.

... el poeta mantiene una doble fidelidad a su tierra, por un lado escribiendo en su vieja lengua y por otro sirviéndole poéticamente en su temática tradicional de denuncia y testimonio que, como se sabe, no es en Galicia una moda efímera, venida de otros pagos líricos, sino un modo [76] característico, una constante histórica en el tratamiento y también en el entendimiento del fenómeno poético. (8-3-1979, *Do Faro ó Miño*).

Paz Andrade es (...) un poeta cívico que no renuncia a sus sentimientos de poeta lírico. Simbiosis esta que, por otra parte, caracteriza a la poesía gallega de todos los tiempos (28-6-1979, *Cen chaves de sombra*).

### 3.2.2. Sobre os poetas recensionados.

Celso Emilio dedícalle dúas recensións<sup>31</sup> ó libro colectivo integrado por X. R. Pena, M. A. Mato Fondo e F. Salinas Portugal, *Alén*.

Los poetas de Alén no son –según ellos mismos confiesan– un grupo que responda a planteamientos previos de carácter socio-político o estético, sino que aparecen juntos<sup>32</sup> respondiendo a un único afán: hacer buena poesía gallega en servicio del país y de la lengua.

Puede decirse que este servicio lo han cumplido en buena medida. Para hacer esta afirmación he tenido en cuenta, naturalmente, todas las circunstancias concurrentes: se trata de su primer libro, en el que cada autor –los tres, por su juventud, todavía en plena formación– nos da una pequeña muestra de su obra que, no obstante, su brevedad, nos permite identificar el nervio de una personalidad lírica muy acusada, inserta –cada una a su aire– en la más genuina tradición poética gallega: comunión con la Naturaleza, testimonio, culto de la tierra y destino del hombre que la habita (...) estamos ante unos poetas que son ya mucho más que una promesa.” (21-9-1978, *Alén*).

En canto ós autores individuais, Celso Emilio gaba a poesía social de Xulio L. Valcárcel, X. L. García ou V. Araguas:

<sup>31</sup> A repetición dun mesmo libro en dúas recensións diferentes puido ser involuntaria.

<sup>32</sup> Benito Soto, segundo palabras do propio Celso Emilio a Julio Sigüenza (“Celso Emilio, que carga sobre si la responsabilidad de convertirse en el mejor novelista gallego, nos habla de esto, de lo otro y de lo de más allá” en *Faro de Vigo*, 28-10-1950), tamén se creou para publicar en conxunto e:

Dar salida a los numerosos libros de versos que, por dificultades de todos conocidas, (esas dificultades se refieren a la inexistencia de editores y de editoriales) permanecían inéditos, y servir de cauce difusor de la obra lírica de los muchos y buenos poetas gallegos, tanto nuevos como consagrados, porque nunca como ahora fue tan mentirosa aquella frase del resentido clásico que afirmó que nuestra tierra era estéril para el milagro ilusionado.

Este artigo, xunto con outros, pode lerse no traballo de R. Nicolás: “Consideracións críticas sobre Celso Emilio Ferreiro articulista. As súas colaboracións en *El Faro de Vigo*” en *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, Santiago, Universidade de Santiago, 1992, pp. 465-466.

[Valcárcel] “poeta joven, “ultimísimo”, nos desvela su secreto lírico que García Sabell (...) califica de denunciador y que lo es en la medida en que toda obra literaria constituye una denuncia, es decir, una noticia o aviso de algo que ha ocurrido en la sensibilidad del autor (...) Poesía denunciadora o, mejor, testimonial, que constituye una característica tradicional de la poesía gallega de todos los tiempos y que aquí se nos da en una versión plástica de fondo realista (...) La palabra en el tiempo y contra el tiempo. Insatisfacción. Protesta. (26-4-1979, *Víspera do día*).

Porque Araguas sabe que aunque hoy no está de moda en ciertos círculos literarios la mal llamada poesía social, el poeta gallego está hoy más obligado que nunca (por tradición y por necesidad) a justificarse como ser social y a entender que la cultura, y por ende la poesía, no debe ser otra cosa que una fuente de conocimiento al servicio de la liberación del hombre. (29-6-1978, *Paisaxe de Glasgow*).

[77] Resulta evidente que X. L. García no se dejó influir por la fácil argucia de rechazar (...) la poesía mal llamada social, y ello es así (...) porque él sabe que en Galicia la poesía de compromiso con el hombre y la tierra es muy anterior al ahora detestado engagement sartriano y, consecuentemente, no responde a sus premisas, sino que constituye un constante compromiso solidario del artista con su país (8-3-1979, *Do Faro ó Miño*).

Pero Celso Emilio ten en conta, ademais, outros valores dos autores que non fan poesía comprometida:

Rodesca no pretende trascender, sino divertir, en el sentido de entretener lúdicamente al lector. Juego o brincadeira que culmina al final del libro con un foro a perpetuidad —signado por un fedatario— en el que el autor gratifica a dos de sus ilustradores. “Por el presente documento el llamado Paco Rodesca (poeta) queda obligado a entregar, todos los años por el mes de Santiago, una cántara de 16 litros de vino albariño de sus tierra de Alveos a los artesanos Arturo Baltar y Virxilio Fernández, como tributo por los dibujos por ellos realizados para el libro “Pote de pedra””. (16-3-1978, *Pote de pedra*).

### 3.2.3. O valor das obras poéticas.

Celso Emilio estima, sobre todo, a capacidade dos poemarios para reflectir a realidade do home e do país.

Son poemas de distinta factura y talante, pero de un común denominador humano en el que la intimidez del “yo” cede su paso a la solidaridad del “nosotros”, como es norma tradicional en una gran parte de la poesía gallega de todos los tiempos, en la que el grito, la denuncia, el testimonio social no es una moda, sino un modo. Poemas en los que Lueiro Rey canta y cuenta al mismo tiempo, unas veces con ritmo de pandeirada y otras con el tono más grave de una elegía. Trozos de canciones populares al lado de poemas de esperanza, de dolor en los que se glosan hechos luctuosos del hombre que sufre la historia (...) Estas relaciones del mundo se convierten en una antropoética, se hacen canción de vida y esperanza. De este libro se deduce, una vez más que cuando la poesía arranca de una vivencia profunda, el lirismo pierde su aparente gratuidad y se transforma en un instrumento de interpretación del tiempo que al poeta le tocó vivir. Tal y como lo entendía Antonio Machado cuando dijo que “al poeta no le es dado pensar fuera del tiempo, porque piensa su propia vida que fuera del tiempo, no es nada”. O la poesía como palabra en el tiempo. (30-3-1978, *Escolma ferida*).

... es un libro lleno de juventud y de incisivo talante antropológico que sin detrimento de su modernidad militante, se enrola en la vieja andadura galaica de la poesía testimonial, iniciada en el “rexurdimento” por Rosalía y no acallada hasta hoy porque hasta hoy mismo siguen siendo válidas las palabras airadas de la marginación y del olvido seculares de una tierra empobrecida por el abandono y la incuria (...) A veces el verso, bien urdido y mejor tramado, trae lejanos ecos de increpación bíblica de un Job finistérico y rotundo (...) O líricos acentos de amor y de ternura. (15-6-1978, *Mar e naufraxio*).

Máis solitario parece o libro de T. Barros:

*Abraio* es un libro de madurez, posiblemente escrito en la quietud sosegada de quien ha hecho un alto en su camino y puede ya contemplar un amplio panorama de vivencias. Un libro que no desmiente, sino, al contrario, confirma las que pudiéramos llamar constantes poéticas del autor a lo largo de toda su obra: preocupación por el hombre y su entorno; meditación y ensi-[78]mismamiento con un cierto poso de amargura y pesimismo (...) Un vago misticismo, o quizá una profunda nostalgia religiosa se diluye a veces en las imágenes que describen un mundo absurdo en el que el hombre vive prisionero de un sueño que no tiene despertar, condenado por un delito inexistente (27-7-1978, *Abraio*).

Tódolos libros teñen algún valor para Celso Emilio e este aspecto levaríanos a reconsiderar o papel do crítico literario de onte a hoxe. Por que unhas recensións tan correctas e positivas? Pola cohesión necesaria nunha literatura minorizada, recensionada dende a capital e, repárese, nun idioma diferente?

### 3.3. Os críticos.

Como xa se indicou no apartado anterior, destaca o tratamento positivo de tódolos libros recensionados<sup>33</sup>. O propio Celso Emilio considerábase incapaz de realizar un labor de crítico, pero supoñemos que a súa maior dificultade era analizar a poesía propia. Na *Autoescolha poética*<sup>34</sup> dise:

As teorías poéticas non son un vezo pra min (...) Elo quere decir que son un poeta no senso máis simple e menos pretendoso da verba, e que, fora do meu mundo intrínseco, non me é doado falar do fenómeno poético olhado dende o ángulo da crítica ou do análisis estético (28)

A opinión de Celso Emilio sobre os críticos nunca foi favorable. Así, nunha recensión para o *ABC*<sup>35</sup> indicaba como moitos poetas fracasados “en Galicia (...) se meten a críticos, con la herida bajo el pecho, y no perdonan el éxito ajeno”.

Se rastrexamos as súas últimas prosas atopamos referencias na mesma liña. É o caso da presentación da *Obra poética completa de Curros*<sup>36</sup> (1977):

Curros fue vilipendiado e injuriado cruelmente en su tierra por unos “críticos” que realizaban su labor desde ángulos totalmente ajenos al arte y a la literatura. Diríase

<sup>33</sup> As veces sinálanse pequenas eivas como nas críticas dos libros *A emigración galega na Arxentina* de R. Palmas ou *A muller en Galicia* de M<sup>a</sup> X. Queizán.

<sup>34</sup> *Autoescolha poética*, p. 28.

<sup>35</sup> *ABC*, 13-7-1978, p. 32.

<sup>36</sup> *Obra poética completa de Curros*, pp. 19-20.

que en vez de críticos eran más bien unos aduaneros<sup>37</sup> que practicaban un registro en el equipaje del poeta, movidos por prejuicios necios —casi siempre inconfesables— y sólo para demostrar que el autor era un contrabandista de mercancías nefandas. La verdad es que pocos escritores de su tiempo respaldaron su obra, pero a cambio tuvo la veneración del pueblo, que adquirió sus libros, leyó y [79] comprendió sus versos porque se sentía interpretado en ellos. Y esto, que fue cierto entonces, sigue siéndolo ahora por la simple razón de que su obra, en gran parte, está todavía viva y vigente. (...) Rosalía, quien, con Curros, son los dos únicos poetas gallegos que alcanzaron renombre universal, y por consiguiente la envidia de los poetas segundones, cuyos libros dormían sin pena ni gloria en los estantes de las librerías. (19)

Cuando Curros fue procesado (...) la actitud pública de la mayoría de los escritores, y de los intelectuales y universitarios gallegos fue de silencio y de cautela. Es decir —digo yo— de cobardía e insolidaridad, cuando no de feroz oposición que se traducía en inciviles improperios personales que pretendían pasar por valoraciones literarias. Y todavía hoy, los nietos de aquellos pudibundos varones reaccionarios lanzan de vez en cuando sus dardos contra el poeta de Celanova. Pero aquí ya nos encontramos con que la negación y el odio retroactivo se encubren con el velo de la pureza lírica incontaminada, cuyos exquisitos paladines se diría que son propietarios in aeternum de la fórmula que define el ser y el no ser de la poesía. Son los “estetas” gente de poca monta y de mucha palabrería, que por un extraño —o quizás no tan extraño— fenómeno de daltonismo ético están incapacitados para ver la dolorosa realidad de su pueblo. (20)

Anos antes, na biografía sobre Curros<sup>38</sup> (1973), descubriera a trampa dos críticos “que afirman ser la poesía una dimensión que está fuera del hombre”.

E, tanto no seu artigo autopoético para a revista *Nordés* (1976), como no prólogo á súa *Antoloxía*<sup>39</sup> (1977) castelá, desconfía:

Agora receo distes asuntos porque a esperencia da vida (...) levoume fadalmente ós campos do escepticismo onde adeprendín a desconfiar das frases inapelábeles, das actitudes intransixentes e, sobre todo, dises tipos —que non quero remedar baixo ningún concepto— que eu alcumo de “entes” e que son os entendidos, os tecnólogos da cultura, que todo o lixan coa súa sabencia libresca, na que a vida estíñase coma ises ríos do trópico que morren na enxoiatura das gándaras e non chegan ó mar (4).

<sup>37</sup> Este adxectivo volve aparecer no seu poema “Compromiso”, pertencente ao libro *Viaxe ao País dos Ananos* (Celso Emilio Ferreiro: *Poesía galega completa*, Vigo, Xerais, 2004, p. 280). Citamos só algúns versos:

...Non me importa  
o que digan mañá  
os aduaneiros da poesía  
Se un intre só  
conquiro darvos folgos  
co meu canto...

<sup>38</sup> *Obra Completa*, 3, p. 259.

<sup>39</sup> Así se manifestaba en castelán:

Nunca he sido aficionado a hacer literatura sobre la literatura. Las teorías poéticas no me atraen. Soy, sencillamente un hombre que a veces escucho voces que no son del mundo de las ideas, o, mejor dicho, percibo ideas que están más allá de la lógica y de la escolástica. Y las traduzco como Dios me da a entender. Ello quiere decir que soy un poeta en el sentido más elemental y menos pretencioso. No alcanzo a salir de mi mundo ni me es dado desdoblarme para hablar del fenómeno poético visto desde el ángulo erudito de la crítica o del análisis. (...)

Soy enemigo de las actitudes solemnes y, sobre todo, repudio a los tecnólogos de la cultura que todo lo manosean con su sapiencia libresca en la que la vida poética se agosta como la de algunos ríos del trópico que agonizan en la sequedad de los médanos y nunca llegan al mar (*Antología*, p. 11)

Aínda poderíamos reproducir, da súa conversa con Víctor Freixanes<sup>40</sup>, o referido aos críticos:

Os críticos sonche cousa de moita risa e en Galicia, ademais, aínda que non existe unha crítica propiamente dita, si hai moitos críticos de palleiro que de tanto saber ás veces non saben qué cousa é ou non é a poesía. Dixeron, efectivamente, que os meus poemas queren ser somentes uns «instrumentos sociopolíticos que deforman a natureza da poesía. (157).

[80] Esta e outras conversas que Celso mantivo antes de morrer conteñen datos sobre a opinión que lle merecían os poetas e a poesía galega. Con elas imos rematar.

#### 4. As conversas

4.1. Celso Emilio contáballe a M. Castelo<sup>41</sup> sobre a historia da poesía galega e sobre os poetas:

Houbo varias épocas importantes. Creo que a do Rexurdimento foi a máis notábel, xa que nos deu tres grandes poetas que non se volveron repetir así, máis ou menos vivindo no mesmo tempo, que foron Rosalía, Curros e Pondal (...) [novísimos] Bueno, eu dese grupo vexo... non me pidas nomes (...) é unha cousa de xuicio valorativo; nunca me gusta facelos, e menos con nomes, pero, en fin, eu vexo nos poetas xóvenes certos valores. Agora, en liñas xerais, no libro dos novísimos<sup>42</sup> salvo dous, non din nada, de momento, o cal non quere dicir que non o digan mais adiante.

4.2. Máis longa foi a conversa con M. J. Porteiro e J. A. Perozo<sup>43</sup> falando da súa auto-poética, da historia da poesía galega, dos poetas e das influencias.

Pro, o que sen dúbida influíu en min foron as lecturas que eu tiven de neno (...) Influirían tamén a vila que é moi fermosa (...) e a súa paisaxe que tamén a min e unha das cousas que mais me conmovén. (26)  
... as miñas conviccións son moi sinxelas (...) sinxelamente estou pola liberdade, pola xusticia e contra o asoballamento do home polo home (...) Sempre procuréi falar en nome de “nós”, non de “min”, e falar dende dentro do home, dende dentro do pobo. No falar pro pobo, senon dende o seu interior. Velahi o fundamento da miña literatura e da miña vida poética. (45)  
No que se refire ó amor, amor entendido nun senso xeral, o amor á humanidade, o amor ó próximo, está tamén inserto e entrambilicado na miña maneira de pensar política, porque o amor á humanidade quer dicir, o estar a carón da Xusticia, a carón da Liberdade, en contra da inxusticia e do asoballamento. Todo iso non é senon unha mostra de amor a humanidade. (54)  
... eu tampouco ademito que a miña poesía sobor de todo, a de *Longa Noite* sexa “social”. O de social é un apodo, un alcume que lle puxeron a un xeito de poesía tan antiga coma a poesía mesma, particularmente en Galicia (...) Agora ben, cando se fala

<sup>40</sup> V. Freixanes: *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1982, p. 157.

<sup>41</sup> M. Castelo, “Lembranza de Celso Emilio Ferreiro”, en *Man Común*, 1981, p. 38.

<sup>42</sup> Do grupo dos *novísimos* Celso Emilio ocupouse, nunha recensión, de X. Rodríguez Barrio e, nun prólogo, de Farruco Sesto Novás.

<sup>43</sup> M. J. Porteiro e J. A. Perozo: *Celso Emilio Ferreiro. Compañeiro do vento e das estrelas*, Madrid, Akal, 1981, pp. 26, 45, 54, 79-80, 139-140.

de poesía galega non se pode face-la mesma consideración porque toda ela, dende o “rexurdimento”, dende Rosalía e mesmo un pouco antes, é o que agora chaman “social” (...) é toda ela poesía comprometida, [81] polo menos, unha grande vertente da poesía galega. E voltando ó meu caso, eu o que fago é recoller esa tradición da poesía testemuña, de denuncia, de compromiso, da poesía que alguén chama social cando toda a poesía o é porque está feita (79) pola sociedade dos homes e pra os homes que viven en sociedade.

Se cadra, o que eu aportei foi unha lingoaxe nova, polo menos nova daquela. Un senso novo de entende-la poesía seguindo unha tradición que é constante, que enceta mesmo denantes de Rosalía de Castro pro que é fundamental nela, que segue con Curros, en certos aspectos de Pondal, e no mellor de Cabanillas (...) e xa non digamos, dos poetas menores que seguen a traxectoria destes poetas de segunda fileira até os nosos días. É unha constante absoluta que non ten nada que ver coa poesía social española en canto que ten unha vida propia, distinta traxectoria e diferente cronoloxía. (80)

Se aportei (139) algo á poesía galega foi o chegar a ela nun intre importante, crucial, da vida de Galicia, e un xeito novo de entende-la poesía belixerante, ou o que eu lle chamo poesía belixerante, ou sexa, a que non é neutral diante do que lle está a pasar ó home. Coido que nun país ónde se sofriu unha guerra tan terrible, os que a pasamos, os que daquela eramos mozos, e un poeta o ve ó seu país marxinado, abandonado, cunha emigración que é unha zamezuga terrible, pois non se podía remanecer neutro diante de todo iso: tiña que ser belixerante. Entón, eu creo que aportei un novo concepto desa poesía belixerante que se facía (..) dende Rosalía para acá. Cecaís aportei unha nova maneira de tratar este problema e mais nada, xa que nunca pretendín innovar na poesía nin ser un revolucionario nela. (140)

#### 4.3. Citamos, unha vez máis, a conversa con V. Freixanes<sup>44</sup>:

Mira: eu penso que a natureza da poesía somentes se deforma ca mala poesía. O fenómeno poético non ten unha natureza estática, non é igual a sí mesmo, non está ahí pra sempre senon que é algo de carácter proteico que se conforma e transforma según un *eiquí* e un *agora* que naturalmente o convirten en necesariamente coxuntural ou de circunstancias, como ti dis. A poesía ten que ser do seu tempo. ¿Existe acaso algo máis determinante do noso tempo que o feito sociopolítico entendido como unha loita polo ser e estar do home no mundo? Por outra banda, o problema da íntima controversia do home ca sociedade que o contén e o oprime é tan antigo como a poesía mesma. Penso asimesmo que a literatura endexamáis deixóu de ser un instrumento ao servizo de algo. Incluso a literatura de entretenimento ten un papel importante que desempeñar: difundir o espírito neutralista. Esta é unha maneira de actividade política ao revés, é dicir: en negativo. Axuda a que o home se despreocupe polo destino do home, o cal convén a moita xente, claro. (157)

Algúns comentaristas teñen afirmado que a chamada poesía social chegou a Galicia, levada pola miña man, con retraso en relación ca poesía castelá. Non estou dacordo. Os meus libros “sociales” (ímoslle chamar así pra nos entender) naceron denantes de que o social fora unha moda en España e xurdiron non como novidade sinon como continuidade, xa que a temática conflictiva constitúe unha constante na poesía galega que se remonta incluso aos cancioneros medievais e chega agora (158) até os poetas máis novos. (159)

<sup>44</sup>Unha ducia de galegos, pp. 157-159.

## [82] Remate

Despois desta selección exhaustiva de textos sobre as opinións de Celso Emilio, é imposible non reter na memoria algunhas das constantes que reitera en prólogos, recensións e conversas sobre a poesía e os poetas<sup>45</sup>.

Quixemos recuperar e reproducir os (pre)textos de Celso Emilio Ferreiro nos que falaba da literatura galega durante a súa etapa madrileña. Aínda falta, como indicou R. Nicolás, durante as Xornadas dedicadas a Celso Emilio en Vigo, “exhumar páxinas doutros medios e facetas de Celso Emilio Ferreiro”. Circunstancia que, a pesar do tempo, apunta ao interese renovado pola vida e obra de Celso Emilio.

## [83] Bibliografía citada

- AÍAN DÍAZ, M.: “Pensamento de Celso Emilio Ferreiro” en *Celso Emilio*, Santiago, Fundación Celso Emilio Ferreiro, 1989, pp. 31-59.
- ALONSO MONTERO, X.: *Celso Emilio Ferreiro (Estudio)*, Madrid, Júcar, 1981.
- BORREGUERO, A.: *A poesía de Celso Emilio Ferreiro*, Vigo, Galaxia, 1982.
- CASTELO, M.: “Lembranza de Celso Emilio Ferreiro” en *Man Común*, 1, 1981, pp. 34-38.
- CURROS ENRÍQUEZ, M.: *Obra poética completa*, Madrid, Editora Nacional, 1977.
- ESCOLA “ROSALÍA DE CASTRO”: *Os nosos poemas*, Lugo, Celta, 1974.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Escolma da Poesía galega*, IV Os contemporáneos, Vigo, Galaxia, 1955.
- FERREIRO, C. E.: *Curros Enríquez. Biografía*, A Coruña, Moret, 1954.
- FERREIRO, C. E.: “Contos populares da provincia de Lugo” en *Grial*, 2, 1963, pp. 213-215.
- FERREIRO, C. E.: “A Política e a Poética” en *Correo de Galicia*, 15- 8-1969, p. 7.
- FERREIRO, C. E.: *Autoescolha poética* (1954-1971), Porto, Razão actual, 1972.
- FERREIRO, C. E.: *Curros Enríquez*, Madrid, Júcar, 1973.
- FERREIRO, C. E.: “A poesía é verdade” en *Nordés*, 4, 1976, pp. 4-6.
- FERREIRO, C. E.: *Antología*, Barcelona, Plaza y Janés, 1977.
- FERREIRO, C. E.: *Obra completa*, 3, Madrid, Akal, 1981.
- FERREIRO, C. E.: *Poesía galega completa*, Ed. Ramón Nicolás, Vigo, Xerais, 2004.
- FILGUEIRA VALVERDE, X. F.: “O primeiro Celso Emilio” en *Segundo Adral*, A Coruña, Edicións do Castro, 1981, pp. 435-437.
- FREIXANES, V.: *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1982.
- GARCÍA, X. L.: *Do Faro ó Miño*, A Coruña, Edicións do Castro, 1978.

<sup>45</sup> Como moi ben resumiu X. L. Sánchez Ferraces (“A estética poética dun antipoeta chamado Celso Emilio Ferreiro” en *Boletín Galego de Literatura*, 1989, p. 25) a de Celso Emilio é unha:

...antropoética que fala en “nós” e non en “eu” e que é mobilizada predominantemente pola realidade conflictiva dun *hábitat*, o galego, fustigado pola Historia (...) Agora ben, esa realidade intrínseca e ese tempo persoal non poden (...) ser elevados á categoría de Absoluto. De aí que o autor dos *Antipoemas* non pare de escarnece-lo Poeta (...) que fai profesión programática de *precaución, conformismo, neutralidade, pureza* (...)

...unha poesía belixerante como a súa non supón unha novidade (ou como el di, unha moda) na historia da literatura galega, e máis ben debe ser considerada como unha adhesión a unha tradición, a un modo, da poesía galega, que tería o seu punto de arrinque xa nos cancioneros galego-portugueses.

Sobre a poesía e os poetas tamén poden lerse os artigos de M. Aían Díaz (1989) e A. López-Casanova (1999) ou o libro de A. Borreguero (1982).

- GUERRERO, O.: *Valle Inclán y el novecientos*, Madrid, Magisterio Español, 1977 .
- JUSTO CID, G.: *Mis pobres versos*, Ourense, La Región, 1965.
- JUSTO CID, G.: *Cantigas en gallego traducidas al castellano*, Ourense, La Región, 1977.
- [84] LÓPEZ-CASANOVA, A.: “Sistema epocal e poética da razón histórica (Sobre a situación de Celso Emilio Ferreiro na lírica galega)” en R. Álvarez, D. Vilavedra, coords.: *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago, Universidade de Santiago, 1999, pp. 829-843.
- NAVARRO GUZMÁN, A.: *A la sombra de la ciudad enamorada*, Madrid, Ayuso, 1979.
- NICOLÁS, R.: “Consideracións críticas sobre Celso Emilio Ferreiro articulista. As súas colaboracións en El Faro de Vigo” en *Estudios dedicados a CELSO EMILIO FERREIRO*, Santiago, Universidade de Santiago, 1992, pp. 397-470.
- PORTEIRO, M. J. e J. A. Perozo: *Celso Emilio Ferreiro. Compañeiro do vento e das estrelas*, Madrid, Akal, 1981.
- ROIG RECHOU, B.-A.: “Bio-Bibliografía de Celso Emilio Ferreiro Miguez” en *Boletín Galego de Literatura*, 1, 1989, pp. 113-138.
- RUÍZ FUENTES, R. e J. Pérez Vilarriño: *Vivir en Galicia*, Madrid, Felmar, 1977.
- SÁNCHEZ FERRACES, X. L.: “A estética poética dun antipoeta chamado Celso Emilio Ferreiro” en *Boletín Galego de Literatura*, 1, 1989, pp. 23-29.
- SANMARTÍN REI, G.: *Os (pre) textos galegos (1863-1936)*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002.
- SESTO NOVÁS, F.: *Da estrela e da fouce*, Caracas, Poesía á man, 1967.